

Lobeira, Lobeira, +-1985

Informante: Xaquín Lorenzo Fernández

Compiladora: Dorothé Schubarth

Transcripción: Dorothé Schubarth. Edición: Francisco Collantes



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

TRANSCRICION DO TEXTO

DURACION 0:09:39

INCIPT: O RUFINA HERMOSA

O Rufina hermosa	ti garda-lo gando
Xa Dios me criou	para ise traballo
O Rufina hermosa	vente connigo
Sola neste monte	córrese perigo

- Eso está no da Limia baixa?
- Si, eso está no da Limia baixa, aquí en Lobeira
- En Lobeira mesmo?
- Si si
- Mais ou menos en que ano o recolliu?
- Pois tamén no cancioneiro da Limia baixa falo da época. Pois o que publiquei no cancioneiro da Limia Baixa foi publicado, foi recollido todo, antes do ano 1930
- Antes do ano 30? Entre 25 e 30?
- Si, arredor do ano 1925 foi a maioría. Collinas dunha rapaza que tería uns 25 anos pero que non saía nunca de alí, que o que me cantaba ou o que me decía era aprendido dos pais e dos vellos de por alí ou algunhas letras feitas por ela
- Por ela mesma?
- Ela mesma. As letras, moitas, improvisabaas ela en calquera ocasión e eu tomaba nota. Era unha verdadeira poetisa popular. Porque ademais tiña un oído moi bo, recordaba moito, unha cantidade enorme de cantigas que recordaba ela de oílas. E despois nas outras pois unha delas...Por certo, quero tamén recordar isto, unha delas, a redonda. A redonda é un baile, é a muiñeira dos vellos i a min ensináronma, bailáronma na lareira da miña casa dous vellos, un vello tería pois uns 80 anos i unha vella que tería 90 e tantos, 90 e bastantes, i os dous bailando mui serios na lareira para ensinarme como era a redonda. Que é esta de
- Como vai?
(tararea: Lan lan lan, larán lan lan lan...)
- Cada dous teñen acento
- E despois, os puntos do baile eran mui lentos, como os da muiñeira, pero mui lentos, por eso lle chaman a muiñeira dos vellos, é unha muiñeira descansada, pausada, verdá e curiosamente esplican o porqué: Porque as mulleres saían a baillar fiando, non deixaban de fiar, ...
- Seguían fiando,.. que bonito!...
- ... saían coa roca, presa aquí na cintura, e fiando, verdá, e mentras tanto pois bailando, de maneira que tiñan que bailar despaciño pra poder seguir bailando (= fiando)
- Un baile así suelto...
- Si si
- ...e ademais dun gran valor estético por unha razón: a muller levaba unhas faldas mui largas, casi lle tapaban os pes, con moito vuelo, e bailando despacio, ó dar voltas, a falda, ó parar ela a falda seguía bailando, era un complemento precioso. Que hoxe coa manía de facerlle en coros e por ahí as faldas cortas, quítanlle a mitá da gracia destes movementos porque claro, a falda, na muller, esa falda ampla, grande nos momentos en que a muller está bailando, sobre todo cando ten que dar algunha volta, é un efecto extraordinario como a falda continua o movemento que a persona iniciou.

O espectáculo aquel do ...

Miña nai esperte
Nin tanto dormire
Veña ouvir un cego
Cantar e tañire
Se il canta e quere
Dalle pan e viño
Dille ao triste cego
Que siga o camiño

Faltame .. si, a canción esa da arada

Eu xunguín os meus boiciños	á miña vida
E fun con iles a arada	vida del alma
E no medio do camiño	á miña vida
Remembróuseme a aguillada	vida da ialma
Remembróuseme a aguillada	vida da ialma

- Bueno ten que repetir
- É normalmente repetido
- Outra era para os rapaces...
- Eso nos interesa moito que hai poucas cousas infantiles
- E una ..., eso, para entreteñer a un neno

Aínda non merquei
Pero vou mercar
Zapatiños novos
Para ir cantar

- Son raros os versos infantís con ritmo de compás porque teñan ante compás
-

NON SE ESCOITA A CINTA POR DOUS MINUTOS ATA CASI O FINAL



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Arrigai arrigadeiras
Daille liño aos ripadores
que xa veu a primaveira
i hei de tomar os amores

Eu ben vin vi-rin-vin
Esta-lo moucho laroucho
Da cabalo larendo
Darredor
Coa escopeta lareta
Debaixo do brazo larazo
Deprendendo larendo
A cazador

Vai vai
Coa escopeta cargada de sal

- Porque a min sempre me cantaban as dúas, unha seguida da outra

(Tararean ambos) La la ra la la

- Esa é a pandeirada. É A pandeirada de San Xes
- a pandeirada de San Xes?
- Si
- Pódema cantare?

FINAL A 0:09:39